

Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia- CITIC AXUDAS PARA PUBLICACIÓNS D1

O CITIC abre unha convocatoria permanente, até o peche do exercicio económico, para financiar os custos de publicación en acceso aberto de artigos científicos en revistas de impacto situadas no decil 1 (D1) do Journal Citation Reports (JCR). Esta iniciativa está dirixida a todo o persoal adscrito ao centro, co obxectivo de fomentar a difusión do coñecemento e garantir o acceso libre aos resultados de investigación de alta calidade.

A solicitude de financiamento poderá realizarse en calquera momento do ano, sempre que se respecten os prazos administrativos e orzamentarios establecidos para o peche económico. As publicacións deberán estar claramente vinculadas ao CITIC, incluíndo a afiliación institucional correspondente. Para máis información sobre o procedemento e a documentación requirida, poderase consultar a intranet ou contactar coa área de investigación do centro (investigación.citic@udc.es).

Requisitos

- Cumprir a condición de Filiación: O solicitante debe cumprir os requisitos de Filiación ao centro descritos na normativa de adscrición subscrita
- Ser publicacións de acceso aberto de categoría D1
- Calquera publicación debe cumprir as regras de publicidade das axudas FEDER e da XUNTA: a tal fin deberá adiantarse a referida publicación no momento da aceptación da mesma (e previamente á súa publicación), para a comprobación das citadas regras.

Documentación para presentar

- Formulario de solicitude.
- Xustificante da aceptación da publicación.
- Traballo a publicar.
- Declaración responsable de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.



Documentación a presentar una vez confirmado o financiamento

- Factura en pdf., emitida con datos fiscais da UDC:
 - Universidade da Coruña
 - C/ Maestranza, 9, 15001, A Coruña, Spain
 - NIF: ESQ6550005J
- Deberase remitir a CITIC o artigo unha vez publicado, co fin de telo dispoñible a efectos de xustificación.

PUBLICIDADE AXUDAS:

“O CITIC, como centro con acreditación en excelencia do Sistema universitario de Galicia e membro da Rede CIGUS, é subvencionado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e cofinanciado a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), Programa operativo FEDER Galicia 2021-27, (Ref. ED431G 2023/01)”

"CITIC, as a centre accredited for excellence within the Galician University System and a member of the CIGUS Network, receives subsidies from the Department of Education, Science, Universities, and Vocational Training of the Xunta de Galicia. Additionally, it is co-financed by the EU through the FEDER Galicia 2021-27 operational program (Ref. ED431G 2023/01)"